

**SUSANA BAYO BESTEIRO** INTEGRANTE DO EQUIPO DE AL GORE CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

► Al Gore elixiu á guitiricense Susana Bayo para formar parte do grupo de líderes contra o cambio climático. Representante do 'Proyect Climate Spain', esta licenciada en Física, especializada en Atmósfera e Medio Ambiente, estivo en Sarria dando unha conferencia

# «As consecuencias do cambio climático xa se notan en Galicia»

POR J.D.E.  
FOTO ESTÉVEZ

**AS ENERXÍAS** renovables son o futuro para o planeta, segundo di Susana Bayo. A eólica é a que califica como a más eficiente, aínda que destaca tamén outras como a solar por estar a demostrar que funciona. Concienciar para que se cumpra o Protocolo de Kioto, reducir as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera e deixar que a Terra continúe respirando é outro dos seus obxectivos.

**¿Que é o cambio climático?**

Unha variación no clima que sempre existiu, aínda que agora as glaciacións estanxe xerando por efectos antropoxénicos. A cuestión é: ¿seremos capaces de adaptarnos?

**¿En que consisten eses efectos?**

Estamos iniciando un período de consecuencias. Quentamento global, aumento das temperaturas... Hai efectos e moitos factores.

**¿Como afecta o fenómeno á provincia lucense e a Galicia?**

Xa se está notando. Hai un maior número de estudos sobre a reperCUSIÓN global, sobre o pasado e o aumento das temperaturas no planeta durante os últimos 30 anos. Podemos falar do que pasa en zonas coma o Polo Norte ou a Antártida pero o modelo futuro aínda está elaborándose. Non se poden predecir os efectos climáticos que virán, pero si xogar coa probabilidade. En Galicia o Cligal analiza o mesmo que se estuda a nivel global pero centrándose nesta comunida-

de autónoma, con proxectos coma a 'Análise das evidencias e impactos do cambio climático en Galicia' (promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente, que consiste en determinar os efectos do cambio nos ámbitos terrestre e mariño da comunidade, abordando de forma multidisciplinar e interinstitucional a información, os coñecementos e a experiencia acumulados).

**¿A seca deste inverno corresponde cun deses efectos?**

Non está claro. Non se lle pode botar a culpa de todo ao cambio climático. Hay moito escepticismo e moita demagogoxia con respecto a un fenómeno que xera polémica.

**¿Qué se pode facer?**

O que xera problemas non é o que non sabemos, senón o que sabemos con seguridade e non é así. Debémonos concienciar da necesidade do aforro enerxético. Cunha bombilla pódense aforrar 62 quilos de emisións de CO<sub>2</sub> ao ano e un coche xera medio quilo cada quilómetro. Somos testigos dunha colisión entre nós e a nosa Terra.



Susana Bayo. ESTÉVEZ

**As enerxías renovables son o futuro. A eólica é eficiente e a solar funciona»**

## «Somos testigos dunha colisión entre nós e a nosa Terra»

**¿Ten sentido seguir debatindo sobre o cambio climático ou é necesario actuar?**

A teoría da deriva continental (Alfred Wegener, 1912) supoña que nalgún momento a parte occiden-

tal de África e a oriental de América estiveron unidas. Tardouse 50 anos en aceptala. É o que nos está pasando a nós. O debate científico rematou. A realidade é terca e negala é un esforzo inútil.

Existe o risco de que a xente non tome conciencia da súa gravidade. Dicir que o clima está cambiando pode semellar un tópico, mais é unha 'Verdade incómoda'.

**¿Que información aporta vostede ao público nas súas conferencias?**

Fago un percorrido polo planeta e polas causas do cambio climático para ver como mitigar os seus efectos. Entre 1970 e o 2000 houbo unha retirada apreciable das neves do Kilimanjaro, ¿un fenómeno local? Rompen as placas de xeo do Polo Norte, o glaciar Columbia en Alaska experimentou un deterioro e o Upsula (Arxentina) hoxe é un lago. Do que hai en Nepal, no Himalaya, nátrense caudais fluviais tan importantes coma o Ganges, o Yangtze ou o río Amarelo. ¿Importantes porque son grandes? Non, abastecen ao 40 por cento da poboación mundial.

**¿Todo isto está relacionado co aumento de temperatura?**

A temperatura media do mar foi subindo nestes últimos anos. O 2005 foi o más caluroso e o 15 de marzo do 2007 o día de inverno más cálido. Lembramos a onda de calor do 2003 en Europa, que produciu mortes e serias perdidas para a agricultura polos cambios que xerou nas colleitas. Logo están os furacáns ('Jeanne', en setembro do 2004; o 'Katrina' en agosto do 2005...). Xapón no 2004 superou o récord de tifóns no Océano Pacífico, o mesmo ano que Brasil rexistrou a tormenta tropical más virulenta do Atlántico Sur. O 6 de decembro do 2006 rexistrouse un tornado na Estrada, inundacións na India no 2006, en Jakarta no 2007, e tamén en España, en Alcázar de San Juan ou Valencia, tamén o ano pasado. Dáse unha variabilidade das precipitacións, con zonas que secan e outras que incrementan a choiva, incendios e un vertiginoso aumento da poboación no mundo.